

ACORDO DE RESOLUCIÓN DOS CONVENIOS DE PATROCINIO PUBLICITARIO DOS EQUIPOS DE ALTA COMPETICIÓN DE GALICIA (EXERCICIO 2019) E INICIO DO PROCEDUREMTO DE REINTEGRO

De conformidade co previsto no Plan de Patrocinio Publicitario dos equipos de Alta Competición de Galicia (Exercicio 2019), que regula os convenios subscritos pola Fundación Deporte Galego, o Padroado da Fundación en sesión celebrada o 14 de abril de 2020, acordou a resolución dos convenios dos clubs CLUB CICLISTA SPOL e RACING CYCLING TEAM e o inicio do procedemento de reintegro do importe abonado ao RACING CYCLING TEAM.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2020

José Ramón Lete Lasa
Presidente



Na revisión dos expedientes dos equipos asinantes da modalidade de ciclismo do Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia para o ano 2019, compróbase que a documentación aportada polos mesmos non é suficiente para evidenciar o cumprimento das obrigas contraídas.

Desta maneira, o 12 de febreiro de 2020 a Fundación solicitou á Federación Galega de Ciclismo que certifique os equipos galegos que efectivamente participaron na competición obxecto do plan durante o ano 2019.

Compróbase nesta certificación que os clubs Club Racing Cycling Team e Club Ciclista Spol non tiveron nin equipo nin corredores dado de alta na competición obxecto de patrocinio. A pesar de que a Federación Galega de Ciclismo acreditou na súa certificación do 26 de marzo de 2019 que ditos clubs tiñan un equipo para participar nesta competición, motivo polo cal foron invitados ao plan, ambos clubs non o fixeron finalmente, polo que non poden acreditar o cumprimento das obrigas.

Asemade, o equipo do Racing Cycling Team, percibiu a cantidade correspondente ao 1º prazo, de acordo á estipulación terceira do convenio, unha vez presentada a declaración responsable e xustificación gráfica, malia que non figura inscrito na competición obxecto do plan de patrocinio.

Por todo isto, apróbase a resolución dos convenios con estes clubs, o que conleva a perda do dereito a cobro. Asemade acórdase a solicitude de reintegro do importe abonado ao Racing Cycling Team en concepto de 1º pago, por un importe de 14.073,16 € iva incluído, xunto cos xuros de demora devengados de acordo ao interese legal do diñeiro (184,69 €), desde a data de cobramento (05/11/2019). Apróbase tamén o prazo dun mes para o reintegro da cantidade total (14.257,85 € xuros incluídos).

